



# XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA

**O que di o curriculum oficial:** A realidade xeográfica, histórica e artística de Galicia, como unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, demanda o estudo científico dos aspectos históricos, xeográficos, artísticos e antropolóxicos de maior transcendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual. Daquela, Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia complementa os coñecementos e as competencias que lle achegan ao alumnado as materias de Historia de España, de Historia do Mundo Contemporáneo e de Historia da Arte, polo que debe afondar no coñecemento crítico das especificidades históricas de Galicia en perspectiva comparada co resto do Estado español e co contexto mundial.

**O que engadimos nós:** Mirar o pasado e o presente para comprender o que somos e albiscar as posibilidades de futuro. Un espazo de reflexión sobre realidades inmediatas que literalmente temos todos os días diante e quizais non reparamos nelas. Do particular ao xeral. Das pequenas historias aos grandes acontecementos que cruzan a historia desta periferia na que vivimos, e que pode ser centro do noso estudo.

**O que engaden outros:**

Galicia limita co mundo enteiro.

**Padre Sarmiento**

**Que contidos:**

A XEOGRAFÍA DE GALICIA  
AS RAÍCES DA HISTORIA DE GALICIA  
A ECLOSIÓN DE GALICIA NA IDADE MEDIA  
GALICIA NO ANTIGO RÉXIME  
A IDADE CONTEMPORÁNEA  
PATRIMONIO MATERIAL E CULTURAL DE GALICIA